





BASES REGULADORAS  
**BECAS DE INICIACIÓN  
PROFESIONAL**

**CONVOCATORIA 2010**

## **BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NON LABORAIS EN EMPRESAS-ENTIDADES DE GALICIA. INICIACIÓN PROFESIONAL POR PARTE DE BOLSEIROS/AS DA FUNDACIÓN CAIXANOVA EN MATEIRA DO MEDIOAMBIENTE E INNOVACIÓN**

A Fundación Caixanova ten por obxecto o impulso, xestión e desenvolvemento daquelas actuacións culturais, cívicas, didácticas e educativas, científicas, socio económicas e demais análogas de interese xeral que, a iniciativa propia ou a proposta doutras institucións, fundacións ou organismos, estime necesarios ou convintes para o desenvolvemento socio cultural e económico de Galicia. No marco deste cometido, entre unha das súas múltiples actividades encóntrase a creación e concesión de axudas, bolsas e premios que axuden á formación, ao estudo, a investigación e ao apoio a iniciación profesional e ao emprego.

A Fundación Caixanova promove neste marco de actuacións axudas á realización de prácticas de iniciación profesional mediante a concesión de axudas ás persoas beneficiarias seleccionadas para participar nos proxectos elixidos para o seu desenvolvemento. Esta iniciación profesional relacionarase coa posta en marcha ou desenvolvemento dun proxecto de contido medioambiental nunha empresa situada no territorio galego. No marco destas Bases Reguladoras a Fundación Caixanova convocará diferentes edicións das Bolsas na área xeográfica de Galicia.

A Fundación Caixanova valora que a difusión e coñecemento pola sociedade en xeral da accións a favor da revitalización e o respecto ao Medioambiente e a Innovación, e a divulgación dos proxectos que estas bolsas posibiliten a súa realización, cumprirá coas premisas de carácter social que entre os seus fins ten establecidos, constituíndo o desenvolvemento da devandita acción unha adecuada práctica e capacitación formativa para os/as beneficiarios/as elixidos/as, así como unha notable oportunidade de iniciación profesional.

A devandita acción supón a convocatoria de bolsas de iniciación profesional que implicarán para as persoas beneficiarias, por unha banda, unha estadía nos centros de traballo dependentes das empresas-entidades beneficiarias desta acción. Por outra banda, as beneficiarias da bolsa terán dereito en concepto de “axuda”, de unha contía de 600 euros por cada período mensual completado, en concepto de axuda aos gastos de desprazamento e manutención.

Executarán ditas prácticas ó través do desenvolvemento de proxectos en empresas e ou entidades coas que se realizen os oportunos convenios de colaboración, de xeito que completen o itinerario de inserción laboral iniciado pola Fundación Caixanova.

Por medio destas bases reguladoras quedarán recollidos os criterios necesarios para a adxudicación e concesión destas bolsas os/as beneficiarios/as e ás empresas seleccionadas, conforme a esta regulación.

## MARCO XERAL

### 1.- OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto é a convocatoria de axudas para desenvolvemento de proxectos, o que supón realizar prácticas profesionais non remuneradas, para persoas que desenvolvan proxectos de contido medioambiental e/o de innovación, en empresas ou entidades da área xeográfica de Galicia, en cada convocatoria realizada pola Fundación Caixanova.

#### 1.1.- Acción asumida pola Fundación Caixanova

A actividade que se asume é afrontar os gastos derivados da realización de prácticas profesionais non remuneradas, para persoas desempregadas, en empresas ou entidades que desenvolvan a súa actividade no territorio da Comunidade galega, en proxectos de contido medioambiental e/o de innovación.

#### 1.2.- Prohibición de relación laboral

Non se poderá formalizar contrato de traballo entre os/as beneficiarios/as e a empresa ou entidade durante o período de prácticas. Non existirá relación laboral entre a empresa ou entidade seleccionada e os/as beneficiarios/as acollidos/as ó programa de prácticas non laborais, polo que non se poderá esixir á empresa responsabilidade ningunha deste tipo, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acontecidos durante o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio. Os riscos destas actividades están cubertos pola póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, subscrita pola Fundación Caixanova a nome dos/as bolseiros/as.

A realización das prácticas profesionais nos centros de traballo dependentes da citada empresa e/ou entidade en ningún caso poderá supoñer a substitución do persoal con relación laboral coa empresa e ou entidade.

A persoa beneficiaria da bolsa de axuda parte da situación de desemprego no momento da súa solicitude.

### 2.-PROCEDIMIENTO

2.1.- Convocatoria de proxectos para empresas con sede social en Galicia.

2.2.- Convocatoria de solicitudes dos/as bolseiros/as segundo os criterios recollidos nestas bases.

2.3.- Proceso de avaliación e priorización dos proxectos presentados.

2.4.- Proceso de adecuación de perfís candidatos a bolseiros e perfís requeridos polos proxectos empresariais seleccionados.

2.5.- Firma de convenios coas empresas.

2.6.- Desenvolvemento da práctica da iniciación profesional.

2.7.- Proceso de selección de beneficiarios/as para un proxecto en concreto.

### 3.-ENTIDADES BENEFICIARIAS DAS AYUDAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NON LABORAIS EN EMPRESAS-ENTIDADES DE GALICIA

3.1.- Poderán ser beneficiarias as empresas ou entidades que teñan sede social ou algún centro de traballo en Galicia que, realicen ou pretenden realizar algún proxecto de contido medioambiental e/o de innovación, e o presenten ó aveiro da convocatoria realizada..

3.2.- Modo de selección das empresas destinatarias:



Crearase un comité de selección que é o competente para a avaliación e priorización e resolución dos proxectos que se consideren elexidos para o desenvolvemento das prácticas, que poderá contar en todo caso coa asistencia, consello e/ou valoración, de persoas técnicas expertas e independentes.

Realizaranse sucesivas convocatorias públicas para que as empresas e entidades poidan solicitar a súa participación nesta acción. Cada solicitante haberá e presentar á Fundación Caixanova unha memoria de proxecto a desenvolver polo/a bolseiro/a.

No momento en que se seleccione a unha empresa para participar na concesión dunha Bolsa de Iniciación Profesional, comunicaráselle por escrito nun prazo máximo de 15 días dende a resolución do comité de selección de cada convocatoria. A empresa comunicará mediante o documento anexo nº 3 nun prazo máximo de 15 días a contar dende o seguinte á recepción da comunicación, a aceptación ou renuncia a participar nesta acción. Nun prazo máximo de 1 mes dende a aceptación procederase ao proceso de concertación e acollida do bolseiro/a que vai realizar as prácticas profesionais non remuneradas.

### **3.3.-** Criterios de preferencia na selección das empresas:

O sistema de baremación seguirá os seguintes criterios:

#### **a)** .- Relacionados co proxecto que se presente na memoria

- que sexa viable
- que sexa innovador
- que teña repercusión e incidencia no territorio
- que teña continuidade no tempo
- que se poda exportar a outras entidades

#### **b)** .- Relacionados coa empresa

- que teña un certo compromiso e sensibilidade en materia de igualdade de oportunidades (Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo)
- que teña departamento de Medioambiente, ou en proceso de creación
- que se realice nun departamento maioritariamente con escasa presenza feminina
- que o proxecto a desenvolver tamen poida ser executado en cooperación con outras empresas ou entidades.

### **3.4.-** Obrigas das empresas ou entidades beneficiarias:

Son obrigas das empresas ou entidades beneficiarias:

- Facilitar ó/á beneficiario/a a realización das actividades recollidas na memoria do Proxecto que se presentou e que foi aprobada pola Fundación Caixanova.
- Acoller ó/á beneficiario/a achegándolle a información precisa para a súa estadia nela.
- As funcións que desenvolva o/a bolseiro/a non pode ocasionarlle ningún outro tipo de gasto a aquél.
- Facilitarlle ó/á beneficiario/a a integración no clima organizativo da entidade.
- Realizar o seguimento da actividade realizada polo/a beneficiario/a e proporcionarlle axuda e asesoramento nos momentos nos que o precise.
- Facilitar ó/á bolseiro/a a certificación correspondente ó período de prácticas con mención detallada das actividades realizadas e o seu grao de consecución.
- Nomeamento dunha persoa titora.
- Aínda coa procura da eficiencia na utilización de todos os medios e recursos ao seu alcance, a empresa, coa estancia do/a bolseiro/a, non obvia a contratación laboral das persoas que tivese planificado

incorporar.

- Comunicar de xeito inmediato á Fundación Caixanova calquera incidencia que afecte ao normal desenvolvemento do período de prácticas formativas do/a bolseiro/a.
- Cumprimentar e devolver ao finalizar o período de prácticas o cuestionario de avaliación que a Fundación Caixanova lle remita.
- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das axudas obxecto da presente convocatoria.
- Xustificar ante a Fundación Caixanova, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade formativa e o cumprimento da actividade que determine a concesión ou goce da axuda.
- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Fundación Caixanova, así como calquera outras de comprobación e/ou control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Recoller o consentimento das persoas afectadas para a recollida, tratamento e cesión dos seus datos persoais, así como facilitar ás persoas afectadas a preceptiva información, todo iso nos termos previstos nos artigos 5 e 6 da LO 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e demais normativa aplicable, en todos os supostos nos que, no marco da presente convocatoria, as empresas beneficiarias deban recoller, tratar e comunicar a Fundación Caixanova datos persoais de terceiras persoas.
- Tamén será obrigatorio das empresas beneficiarias custodiar a documentación acreditativa do cumprimento das obrigas ás que se refire o parágrafo anterior e manter a citada documentación actualizada a disposición da Fundación Caixanova.

#### **4- CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS DESTAS PRÁCTICAS PROFESIONAIS**

No proceso de convocatoria pública os participantes serán preseleccionados pola Fundación Caixanova, adecuándose o máis posible ó perfil que solicitan ás empresas.

Constituirase un Comité de selección formado por unha persoa representante da Fundación Caixanova e outra persoa representante da empresa seleccionada.

A Fundación Caixanova enviará a este comité as persoas candidatas, preseleccionadas previamente, das que se elixirá unha titular e dúas suplentes.

No suposto de que a empresa rexeitara todas as persoas candidatas, a responsable da mesma terá que comunicalo por escrito e razoando os motivos de rexeitamento. No suposto de que ningún dos candidatos propostos nun segundo proceso de selección sexan aceptados pola empresa ou as razóns que o fundamentan non foran consideradas suficientes pola comisión, á empresa daráselle de baixa desta acción.

No momento en que se seleccione a unha persoa para realizar as prácticas profesionais non remuneradas nas empresas seleccionadas, esta persoa entra a formar parte do grupo de bolseiros/as da Fundación Caixanova.

As persoas que non foron seleccionadas quedan de reserva, para o suposto de que se dea algun/ha bolseiro/a de baixa, e poden participar de máis procesos de selección.

#### **5.- TIPO GASTO ASUMIDO**

O gasto contempla, fundamentalmente, a axuda á realización de prácticas profesionais non remuneradas, realizando funcións de investigación en proxectos de contido medioambiental e/o innovación en empresas ou entidades que desenvolvan a súa actividade en Galicia



A Fundación Caixanova mensualmente abonaralle á persoa beneficiaria unha axuda económica equivalente a 600 € mensuais en concepto de axuda aos gastos de desprazamento e manutención.

#### **6.-FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

As solicitudes presentaranse por correo certificado dirixido á Fundación Caixanova (Becas de Iniciación Profesional), a Instituto de Desenvolvemento Caixanova nas súas sedes:

- Centro Social Caixanova Vigo- Rúa Policarpo Sanz 24-26. Vigo
- Centro Social Caixanova A Coruña- Avenida A Marina, esquina c/ Fama. A Coruña
- Centro Desenvolvemento Caixanova Ourense- Avda. Pontevedra 9 . Ourense
- Centro Social Caixanova Pontevedra- Augusto González Besada 2. Pontevedra e tamen nas sedes das entidades que, na súa caso, poidan colaborar coa Fundación Caixanova nas sucesivas convocatorias.

#### **7.-ACREDITACIÓN DE REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN:**

As empresas e organizacións privadas deberán acompañar a súa solicitude:

- a) NIF do/a empresario/a cando sexa persoa física ou CIF cando sexa persoa xurídica, e poder de representación da persoa que a representa.
- b) Organigrama da empresa
- c) Unha memoria na que debe constar como mínimo:
  - denominación do proxecto.
  - prazo determinado para a súa execución
  - centro de traballo no que se vai desenvolver
  - perfís profesionais preferentes solicitado da persoa que vai realizar as prácticas.
  - funcións que vai desenvolver a persoa nas prácticas.
  - departamento no que vai desenvolver as prácticas
  - horario no que vai desenvolver as prácticas
  - nome e cargo da persoa responsable do departamento e da titoría do bolsreiro/a .Esta memoria deberá proporcionar información suficiente que permita valorar a proposta de acordo cós criterios das bases.
- d) Certificación da Seguridade Social da empresa de estar ao corrente das súas obrigas.
- e) Certificación de Hacienda Estatal da empresa de estar ao corrente das súas obrigas.
- f) Certificación de Facenda Galega da empresa de estar ao corrente das súas obrigas..

#### **8. -COMITÉ DE SEGUIMIENTO:**

Crearase un comité de seguimento destas axudas composto por dúas persoas, unha por parte da Fundación Caixanova e outra pola entidade o empresa. Este comité reunirse as veces que considere oportunas e obrigatoriamente unha vez cada tres meses.

Este comité actuará para tentar solucionar calquera tipo de dúbida e/ou conflito que poda xurdir durante o período das prácticas.

#### **9.- XUSTIFICACIÓN :**

Considérase xustificada a actividade coa presentación da seguinte documentación:

- Memoria correspondente ao período de prácticas con mención detallada das actividades realizadas e o seu grao de consecución asinado pola persoa responsable da empresa, do/a titor/a responsable da formación e pola persoa que realizou as prácticas.

- Cuestionario de avaliación cuberto polo/a bolseiro/a tras a concesión da axuda.

#### **10.- FORMA DE PAGAMENTO DAS BOLSAS**

A Fundación Caixanova realizara o pagamento das bolsas mediante transferencia bancaria á persoa beneficiaria das prácticas profesionais.

#### **11.- REGULACIÓN:**

A regulación específica das condicións de realización das prácticas entre as empresas e/ou entidades e os/as bolseiros/as atópase no **documento 1** que se acompaña denominado **“Acordo de Colaboración para a realización de prácticas laborais non remuneradas en empresas e/ou entidades de Galicia. Becas de Iniciación Profesional da Fundación Caixanova”**.

#### **12.-LEXISLACIÓN APLICABLE:**

A lexislación aplicable ás bases desta convocatoria é a seguinte: a lexislación básica do Estado: Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións; con carácter supletorio a lexislación estatal non básica, a normativa autonómica e demais normas que podan ser de aplicación.